



## CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, s/n- 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO  
Tlf: 982 46 62 01 - Fax: 982 46 63 52  
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

D. JULIO MANUEL YEBRA PIMENTEL BLANCO, ALCALDE-PRESIDENTE  
DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO),

### INFORMO

O Concello organiza en colaboración coa Rede de Centros Quérote+ da Consellería de Política Social e Xuventude, unha actividade titulada **"EDUCACIÓN EMOCIONAL E SEXUAL NA FAMILIA"**, impartido por un profesional do Centro Quérote+ de Lugo.

Trátase dunha actividade cuxa finalidade é crear un espazo onde poder falar das dúbidas, preocupacións e dificultades que lle surxen ás familias no proceso diario de educar aos seus fillos e fillas. Este obradoiro centrarase en dotar ás familias de coñecementos básicos na educación emocional e sexual dos fillos e fillas.

A celebración desta actividade está prevista para o mércores 12 de abril de 17:00-18:30, nunha sala das Oficinas Municipais, na Barrela. Vai dirixida a familias con menores ao seu cargo (nenos,/as, mozos/as).

En Carballedo, a 30 de marzo de 2023.

